

IV

UN MUSEO VIVO

AS COLECCIÓIS COMO ESCUSA

¡Ah! Y el ferreiro, que me toca directamente, ¿cuenta algo al visitante el funxido inexistente del lume na frauga ou el sonido da incra derriba da que se forxa el ferro? ¿Y a tertulia de parroquianos pode evocarse nos días de neve núa forxa fría unde as ferramentas, postas en paneles absurdos, recórdannos que las manexaba con arte un ferreiro forzado?

Xon, amigos, namáis alí unde el artesano dá vida al sou oficio tein xeito as cousas e nun son ferramentas sin máis que, por desgracia, asociamos col pasao.

José María Naveiras Escantar

En 1989, a colección trasládase á Casa Rectoral vella de Grandas de Salime, edificio del s. XIX axeitado como Museo despóis d'úa rehabilitación unde, botando mao d'úa baxada técnica del nivel del auga, integráronse elementos estructurales recuperaos por Pepe y algús vecíos del concello entre as ruinas dos lugares anagaos pol salto de Salime.



Inauguración del Museo na Casa Rectoral.

El sito novo constituíuse en si mesmo como un elemento patrimonial qu'amostraba a estrutura da casa tradicional e deixaba enanchar el área espositiva desenvolvendo con menos restriccións el concepto de "museo vivo" de José María Naveiras. As reproducións d'ambientes ensayadas nos baxos del Concello atoparon na Casa Rectoral el sou sito natural y incorporáronse outras novas. Así e todo, por causa del volume das coleccións, fezo falta renunciar á función orixinal d'algúas salas, como a corte del piso de baxo, en favor da exhibición d'outros conxuntos, principalmente os relacionaos cos oficios tradicionais.

As donacións y, en menos medida, as compras, aumentaron cuantitativa e cualitativamente as coleccións, coa voluntá de que "todo lo que guardara el Museo collera vida". Foron seguidas as demostracións d'oficios y actividades tradicionais, as xornadas e seminarios. Afianzóuse así a participación dos artesanos y a población local na actividá de cadaldía da institución.

Despóis d'algús intentos de rentabilizar el espacio da Casa Rectoral reorganizando as salas, a necesidá de medría del Museo fézose evidente. Empezóuse coa ampliación, agora con edificios feitos novos que reproducían arquitecturas tradicionais. A súa construción deixóu incorporar oficios y ambientes novos que complementaban os de raíz labradora. Púxose un molín hidráulico, qu'a lo largo d'anos deu servicio a os vecíos del lugar interesaos nel sou uso, y el Museo ganóu tamén espacio pá súa actividá interna dispoñendo un taller metálico e de carpintería e zonas pa esposicións temporales, actividades e despachos. Nel 2004 inauguróuse a capilla, tamén feita nova, momento final d'un periodo de medría constante.



Na forxa da Casa Rectoral.

Anque sin chegar a ver cumpridas as súas aspiracións primeiras, José María Naveiras deu materializao el concepto de Museo integral e vivo, sendo resultao final úa recreación muito boa dos espacios domésticos y as actividades productivas tal e como los conocera el sou cronista.